

PARLADOIRO

Por Ramón OTERO PEDRAYO

MORTO DE PÉ

Raramente se sentan os canteiros. Cando repican o lazado d'unha rúa. Entón seméllanse un pouco ós antigos xastres das aldeas nos seus banquinhos case rente ó chán.

¿En qué penedos de fantasías de nubes e lembranzas pensaba o vello mestre canteiro dende despóixa do xantar? Botou sua pinga d'augardente no café. Anque os homes da limpa e honrada pedra non cheguen nin con moito á riqueza desmaquiadores da terra nas suas contratas o señor Bisito Paleteira poidera erguer boa casa. As lumieiras sentís trabes de grá, foran curtidadas por suas máns na canteira. Picando el garro saíu ao corredor. O San Xohan aloumeaba os derradeiros toques de ouro nas agras. Pulaba nos milleirais novos unha leda anciedá brincadeira. Mais o vello mestre soio tíña ollos carizosos pr'as nubes.

Ordeábanse brancas e rosa afondan do longos espazos do ceo azul. Figuraban ser as nubes o contrario do amor t-ensoar d'un valente anatómico de canteiras t-erguedor de bariles perpiñóns. As nubes, fuxidias maxinazós. Os penedos, eternidade callada, teorema co ncluso e no cerne unha friaxe de morte. Mais na ialma do mestre de oitenta anos eran aquila serán fermosas e leviáns nubes cooridas na lembranza os penedos dos rezos traballos compridos t-as amizades d'outrora rubian nas gorrias de lus da serán.

¿Qué importaba o reuma que case o tollía das pernas nin aquil golpezar eisprorador da barra de ferro resoante na roxa e leal canteira do curazón? Esquecido do mal, os anos moitos de corridos dende que gastara os primeiros picos no Tras-Os-Montes, arduían ledos coma si foran un onte t-un home. Inda as maus podían traballar lindos balustres t-o inxenío guiar a medra dos muros, o cerramento e a torre de eirexas com'a que fixera en Cambeo. Pol'o camiño azul, entr'as nubes, ¿qué acena pol'o Señor Bisito? Un vello amigo. Van falar das suas cousas e dispoñer rezas e fermosas obras, estós pr'as parreiras, tampas pr'os amigos difuntiños...

Un netiño decatouse com'o abó levaba moito tempo sen bulir, apoyado na parede. Chamóuno. Tivo medo e berrón... O vello, morto de pé, sorreía as galleiras camposas da lembranza e da amizade frolidas no azul entr'as canteiras das nubes.

R. OTERO PEDRAYO